



A presidenta do Parlamento visita na Coruña o Cuartel Xeral da Forza Loxística Operativa

Santiago, 17 de outubro de 2011.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, efectuou este mediodía unha visita institucional ao Cuartel Xeral da Forza Loxística Operativa (FLO), na Coruña. Foi recibida polo xefe da Forza Loxística Operativa, xeneral Juan Enrique Aparicio.

Durante a visita, a presidenta do Parlamento mantivo unha reunión con diferentes mandos da FLO, que lle explicaron a organización e funcións da Forza Loxística Operativa, mando de primeiro nivel do Exército de Terra do que dependen uns 6.000 efectivos militares e que ten como principal misión o sostemento de operacións.

De seguido, Pilar Rojo visitou as dependencias máis significativas do Pazo de Capitanía, rematando o percorrido na sala “teniente xeneral Yagüe”, onde asinou no libro de honra da unidade.

Neste texto, Rojo Noguera deixou constancia da honra que supón para ela, como presidenta do Parlamento, poder visitar o Cuartel Xeral da FLO, ao tempo que quixo “render homenaxe” ao conxunto das Forzas Armadas, ao que representan a ao labor que desenvolven.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia